



CIRCULAR LU05/2015 - MODIFICADA

- Aos atletas, adestradores e clubes

4ª XORNADA CONTROL - DIPUTACIÓN DE LUGO **23 de maio do 2.015**

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza a **4ª Xornada de Control**, o sábado 23 de maio en Lugo no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*, patrocinada pola **Exmo. Diputación de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2014/15) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 4. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata **60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. O horario é o seguinte:

| HOMES | HORA | MULLERES |
|------------------------|--------------|------------------------|
| Martelo (cad a sen) | 16:00 | Martelo (cad a sen) |
| Pertiga (cad a sen) | | Pertiga (cad a sen) |
| 110 m.v. (1,06 m) | | Longitud (cad a sen) |
| 100 m.v. (0,91) | 16:05 | |
| | 16:10 | 100 m.v. (0,84 m) |
| | 16:20 | 100 m.v. (0,76 m) |
| 100 m.l. – Semifinais | 16:30 | |
| | 16:50 | 100 m.l. – Semifinais |
| 300 m.l. | 17:10 | |
| | 17:25 | 300 m.l. |
| | 17:30 | Disco (cad a sen) |
| | | Altura (cad a sen) |
| 400 m.v. (0,84) | 17:40 | |
| 400 m.v. (0,91) | 17:50 | |
| 2.000 Obstáculos (xuv) | 18:00 | |
| Longitud (cad a sen) | | |
| | 18:10 | 2.000 Obstáculos (xuv) |
| 800 m.l. | 18:20 | |
| | 18:30 | 800 m.l. |
| 5.000 m.l. (juv a sen) | 18:40 | |
| Disco (cad a sen) | 19:00 | Peso (cad a sen) |
| Altura (cad a sen) | | |
| 100 m.l.- Final | 19:10 | |
| | 19:20 | 100 m.l. – Final |
| 1.000 m.l. (cad) | 19:30 | |
| | 19:40 | 1.000 m.l. (cad) |

Art. 7. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 20 de maio do 2015

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo